



BASES ESPECÍFICAS PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL E FORMACIÓN DUNHA LISTA DE SUBSTITUCIÓN PARA UN POSTO DE PEÓN-CONDUTOR DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

As presentes bases regulan a selección de persoal para a provisión con carácter temporal e en réxime laboral da praza de UN PEÓN-CONDUTOR de brigada para a prevención e defensa contra incendios forestais do Concello de Cabana de Bergantiños no marco do "Convenio interadministrativo suscrito entre a Consellería do Medio Rural e O Concello de Cabana de Bergantiños para a realización de accións de prevención e defensa contra incendios forestais, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020".

2.-MODALIDADE DE CONTRATACIÓN E DURACIÓN DO CONTRATO.

Os contratos laborais serán de duración determinada e a xornada completa e por un período de tres meses.

Modalidade de contratación: contrato de duración determinada vinculado a programas financiados con fondos europeos (FEADER). Código de contrato:406.

Xornada completa.

Duración: 3 meses.

En base á disposición adicional quinta do Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, ao tratarse da execución dun programa de actuación de carácter temporal financiado con fondos da Unión Europea, as contratacións deberán conter expresamente no seu clausulado que os ditos contratos están vinculados ao convenio do Medio Rural da Xunta de Galicia que está cofinanciado polo Feader dentro da submedida 8.3 "axuda para a prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e catástrofes".

3. CARACTERÍSTICAS DO POSTO DE TRABALLO

- Número de postos de traballo:1

-Denominación do posto: peón-condutor de brigada de incendios forestais.

-Duración: 3 meses contados a partir da sinatura dos mesmos

-Clase: persoal laboral temporal a xornada completa cos descansos establecidos na lei. Con plena dispoñibilidade, incluíndo nela os traballos en domingos, festivos e festas locais, así como as quendas de noite necesarias.

-Retribucións brutas: salario 1.225,00 €/mes (incluída a prorrata de paga extraordinaria).

-Ambito de actuación da brigada: municipal, sen prexuízo de que conforme á normativa aplicable, o persoal da brigada municipal participe nas operacións de extinción e de remate de incendios forestais, baixo o mando único operativo dependente da consellería competente en materia forestal cando así se decida por parte do mando único e conforme ao artigo 48.6 da Lei 3/2007 e o Pladiga.

Os membros da brigada realizarán labores de prevención de incendios forestais, sempre que non sexan requiridos para a defensa destes, durante cada un dos meses de vixencia do contrato, con plena dispoñibilidade, incluíndo traballos en domingos, festivos e festas locais, así como as quendas de noite necesarias.



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

As labores a desenvolver consistirán na realización dos seguintes traballos:

- Labores propias da condición de peón, baixo a dirección do xefe de brigada, en particular, será o responsable da condución do vehículo todo terreno, así como de mantelo en condicións mecánicas de uso.

- Traballos de vixilancia e defensa contra os incendios forestais: As brigadas colaborarán prioritariamente con respecto a outros traballos na defensa contra os incendios forestais integrándose no dispositivo do Distrito Forestal onde se sitúe o concello, segundo o disposto no artigo 47 da Lei 43/2003, de montes e no artigo 48.6 da Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais e o Plan de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galicia (en adiante Pladiga). Así mesmo, cando concorran razóns extraordinarias, poderán colaborar na defensa de incendios declarados noutros ámbitos territoriais, dentro da Comunidade Autónoma de Galicia.

- Labores encamiñadas á prevención que diminúan o risco de propagación e minoren os danos nos incendios, no caso de producirse. Estes traballos desenvolveranse en faixas de xestión de biomasa ou nos terreos forestais de titularidade municipal ou de propietario descoñecido, así como en vías e camiños forestais da súa titularidade cando non sexa posible mecanizar estes traballos. Os traballos consistirán en actuacións manuais en vías e camiños forestais, áreas cortalumes e faixas de xestión de biomasa mediante roza, rareo e eliminación de restos nos tres meses de operatividade da brigada ou a súa parte proporcional. Os restos procedentes destes traballos trituraranse mecanicamente, ou no caso de que non fora tecnicamente posible, poderán quedar acordados.

- Os traballos de extinción de incendios forestais serán prioritarios con respecto aos traballos de prevención.

4.- SISTEMA DE PROVISIÓN.

Concurso-oposición.

5.- XORNADA LABORAL

Será a tempo completo cos descansos establecidos na lei. Con plena dispoñibilidade, incluíndo nela os traballos en domingos, festivos e festas locais, así como as quendas de noite necesarias.

6.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

a) Ter a nacionalidade española ou ser nacional dun Estado membro da Unión europea ou doutros Estados, nos termos previstos no artigo 57 do TREBEP.

b) Ter cumpridos os dezoito anos de idade e non ter alcanzado a idade máxima de xubilación forzosa.

c) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas. Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións. Deberá acreditarse mediante informe/certificado médico que se presentará ó remate do proceso selectivo.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que tivese



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non se atopar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Estar en posesión do certificado de escolaridade, EXB, graduado en ESO ou equivalente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación e ademáis achegarase o título a súa tradución xurada.

f).- Ter abonado a taxa pola expedición de documentos administrativos de **3€**. O impreso de autoliquidación da devandita taxa deberá solicitarse por vía telefónica, correo electrónico, ou ben, a través da sede electrónica do Concello. O pago poderá realizarse levando o impreso facilitado a calquera sucursal de ABANCA e efectuando o pago no mostrador ou no caixeiro, ou a través do enlace da páxina do Concello (www.concello-cabana.es) XESTIÓNS-PAGO EN LIÑA. Excepcionalmente, se permitirá o pago nas oficinas municipais, A falta de presentación da taxa ou do documento acreditativo será causa de exclusión.

En ningún caso a presentación e pago da taxa por dereitos de exame suporá substitución do trámite de presentación de instancia. Asemade a ausencia de xustificante do abono dos dereitos de exame, dentro do prazo de presentación de instancias, non poderá ser obxecto de subsanación, determinando a exclusión do aspirante. Os dereitos de exame establécense en **3 euros**, e so serán devoltos a quen non fora admitido/a ao proceso selectivo por non reunir os requisitos esixidos nas presentes bases, isto é unicamente a aqueles aspirantes que resulten excluídos na listaxe definitiva.

g).- Para darlle cumprimento á normalización do idioma galego na Administración pública de Galicia e para garantir o dereito das administradas e dos administrados ao uso do galego nas relacións coa Administración pública no ámbito da comunidade autónoma, e a promoción do uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia, que determina o artigo 6.3 ° da Lei de normalización lingüística, deberase acreditar o coñecemento da lingua galega conforme á normativa vixente (CELGA 2 ou equivalente) caso contrario será necesario a realización dunha proba.

h) Estar en posesión de permiso de conducir B.

Os anteriores requisitos deberanse reunir con referencia ao último día de prazo de presentación das solicitudes e conservarse, cando menos, ata a data do nomeamento.

A persoa seleccionada deberá realizar un curso teórico-práctico de formación sobre prevención e defensa contra incendios forestais de 16 horas que será impartido por persoal competente na materia. Este curso será obrigatorio aínda que a persoa seleccionada xa o recibise en anos anteriores.

7.- PUBLICIDADE.

O anuncio da convocatoria iniciando o proceso selectivo será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOP) da Coruña e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello, <https://sede.cabana.gal>.

As bases e todas as demais resolucións que se produzan no expediente, serán publicadas no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal <https://sede.cabana.gal>

8.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

As solicitudes formalizaranse no modelo de instancia que se adxunta (**anexo II**) e deberá xuntárselle a seguinte documentación:

1. Fotocopia do DNI.
2. Xustificante de pago da taxa.



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

3. Fotocopia do permiso de conducir B
4. Fotocopia da titulación esixida.
5. Fotocopia da acreditación dos méritos alegados.
- 6.- Estar en posesión do certificado de lingua galega (Celga 2) ou equivalente,(en caso contrario deberá realizar unha proba).

No prazo de **4 días hábiles**, a contar do seguinte do anuncio da convocatoria no B.O.P, os/as interesados/as en participar no proceso selectivo, dirixirán instancia a Alcaldía-Presidencia ou Concelleiro Delegado, de acordo ao modelo do ANEXO II destas bases. Tales instancias presentaranse nas oficinas de asistencia ó Rexistro do Concello ou a través de calquera dos sistemas previstos no art.º 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas.

Se a solicitude non se presenta no Rexistro do Concello de Cabana de Bergantiños nin en sede electrónica (correos, outro rexistro) deberase remitir ao fax do concello 981754229 ou ben por correo electrónico (cabana@cabana.gal), unha copia da solicitude (anexo II), antes da data de expiración do prazo de presentación de solicitudes.

Os/as aspirantes quedan vinculados aos datos que figuren na solicitude e unicamente poderán modificalos no prazo de presentación de instancias.

9.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Rematado o prazo de presentación de instancias, por Resolución de Alcaldía ou Concelleiro Delegado se aprobará a lista provisional de admitidos/as e excluído/as, que se publicará no taboleiro da sede electrónica municipal <https://sede.cabana.gal> e outorgando **un prazo de 2 días hábiles** para correccións ou emenda de defectos.

De non existir persoas excluídas, aprobarase con carácter definitivo a lista de admitidos.

Transcorrido o prazo de reclamacións, deberá tomarse novo acordo estimándoas ou desestimándoas con publicación da lista definitiva no taboleiro da sede electrónica municipal.

10.- TRIBUNAL DE SELECCIÓN

1.-A composición do Tribunal publicarase coa lista definitiva de admitidos.

2.-O tribunal non poderá reunirse sen a asistencia, como mínimo, de tres dos seus membros (titulares ou suplentes) .

3.- De tódalas reunións que faga o tribunal levantarase acta sucinta polo secretario do mesmo.

4.- A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime xurídico do sector público.

5.- O tribunal non poderá aprobar nin declarar que superaron as probas un número superior de aspirantes ao de postos convocados, aínda que co resto de solicitantes non seleccionados se establecerá unha orde para cubrir as posibles vacantes que puideran producirse, so válido para a presente convocatoria.

6.- O alcalde ou concelleiro delegado, vista a proposta do tribunal, procederá á adopción do decreto correspondente que acordará a contratación.



11.- CRITERIOS DE SELECCIÓN.

A) FASE DE OPOSICIÓN:

1ª **Proba:** proba física de **carácter obrigatorio e eliminatorio**. A súa cualificación será apto/ non apto e só se permite un intento.

Emprégase un banco de 40 cm de altura para homes e 33 cm para mulleres, no que se subirá e baixará a razón de 90 movementos por minuto (22,5 veces/minuto) durante un período de cinco minutos. O ritmo márcase cun metrónomo. Unha vez finalizado este tempo a persoa que realizou o exercicio repousará quince segundos e unha vez finalizados tomaráselle o pulso (no pulso e no colo, contando as súas pulsacións durante outros quince segundos). Necesitarase unha báscula para obter o peso dos/as candidatos/as.

Cos datos obtidos, idade, peso e pulsacións, pasarase as táboas que se acompañan e determinarase a capacidade aeróbica (**anexo I**), sendo necesario para ser apto obter como mínimo 40 puntos.

2ª **proba:** No caso de non ter acreditado o coñecemento da lingua galega o interesado deberá superar un exame de coñecemento do idioma galego. A proba escrita que será **tipo test** estará dirixida a comprobar o coñecemento do idioma galego, polas persoas aspirantes da mesma. Esta proba cualificarase como apto ou non apto. Os non aptos serán excluídos do proceso selectivo.

Se o Tribunal o considera conveniente, poderá acordar a celebración dos exercicios da fase de oposición nunha mesma xornada, concedéndolles os opositores un descanso mínimo de trinta minutos entre a celebración deles, agás renuncia expresa, ou na xornada seguinte deixando transcorrer un prazo mínimo de 12 horas.

B) FASE DE CONCURSO: puntuación máxima 5 puntos.

1. EXPERIENCIA PROFESIONAL: puntuación máxima 3 puntos.

a) Experiencia profesional en traballos como condutor (peón ou oficial) en campañas contra incendios forestais, en administracións públicas: 0,20 puntos por mes, cun máximo por este concepto de **2 puntos**.

b) Experiencia profesional en traballos como peón, oficial, xefe de brigada ou capataz en campañas contra incendios forestais en empresas públicas ou privadas do sector: 0,10 puntos por mes, cun máximo por este concepto de **1 punto**.

A acreditación dos servizos prestados efectuarase mediante certificación expedida polo secretario/a do Concello ou Entidade Pública onde se teñan prestado os servizos; para a empresa privada certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral de Seguridade Social acompañado do certificado de empresano que conste a categoría na que se teñen prestado os servizos e/ou contrato de traballo. A non presentación de ambos documentos (vida laboral + certificado de empresa e/ou contrato de traballo) suporá a non valoración do mérito alegado. Deberá quedar suficientemente acreditado que se trata de campañas de prevención, vixilancia e loita contra incendios.

Non se terán en conta os servizos prestados como autónomo.



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

2.CURSOS: puntuación máxima **2 puntos**

Formación: cursos relacionados coa actividade e tarefas do posto de traballo a desenvolver impartidos por unha administración ou entidade pública ou homologadas por elas (neste último caso deberá constar expresamente no título tal homologación para que poidan ser valorados). Só se valorarán os cursos relacionados con prevención e extinción de incendios, manexo de vehículos e maquinaria (ámbolos dous en materia de prevención e extinción de incendios) e prevención de riscos laborais xenéricos ou relacionados directamente co sector obxecto da convocatoria.

- De menos de 20 horas: 0,10 puntos por curso.
- De 20 a 40 horas: 0,30 puntos por curso.
- De máis de 40 horas: 0,50 puntos por curso.

Os cursos onde non figuren expresamente o número de horas, non serán valorables.

A acreditación dos cursos mediante o correspondente certificado da súa realización expedido pola EGAP, Universidade ou calquera Administración Pública, organismos da administración e institucións públicas ou debidamente homologadas por esta. Non serán obxecto de avaliación os certificados expedidos por academias privadas senón se xustifica a homologación sinalada.

Segundo os puntos obtidos na fase de concurso, sendo a puntuación máxima a outorgar 5 puntos, e o resultado da proba do banco, teranse en conta aos efectos de establecer a orde definitiva para formación da lista de substitución.

De producirse empate na puntuación, a orde de desempate será a seguinte:

1. Persoa que obtivese o mellor índice de capacidade aeróbica.
2. Puntuación obtida no apartado 1 da fase de concurso.
3. Puntuación obtida no apartado 2 da fase de concurso.
4. Sorteio.

12.- RESULTADO DA SELECCIÓN.

O tribunal non poderá propoñer para o posto de traballo un número superior de aspirantes ao de postos convocados, aínda que co resto de solicitantes non seleccionados se establecerá unha orde para cubrir as posibles vacantes que puideran producirse, so válido para a presente convocatoria.

O tribunal publicará no taboleiro da sede electrónica municipal <https://sede.cabana.gal> a relación de puntuacións outorgadas e elevará a Alcaldía ou Concelleiro Delegado a proposta das persoas candidatas para a formalización do contrato, a favor dos aspirantes posuidores da puntuación máis alta.

No caso de que non se seleccione xefe de brigada ou a totalidade dos peóns, o Concello poderá desistir das presentes bases dado que non será posible formar brigada de incendios, e isto considerarase desaparición sobrevida do obxecto do expediente.

13.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN E FORMALIZACIÓN DE CONTRATO.

Concluído o procedemento selectivo, o Tribunal realizará unha proposta de nomeamento a favor daqueles candidatos ou candidatas que obtiveran a maior puntuación no exercicio práctico, detallando a puntuación obtida en orde decrecente, e será elevada ao alcalde aos efectos de proceder aos nomeamentos e á correspondente formalización dos contratos de traballo.

En caso de empate nas puntuacións de dous ou máis candidatos, o Tribunal resolverá a favor daquel/a candidato/a de máis longa duración como desempregado.

A resolución nomeando aos candidatos e candidatas seleccionados será obxecto de publicación mediante anuncio inserido no Taboleiro de anuncios da sede electrónica.

Concederase un prazo de **dos días hábiles** dende a resolución de nomeamento para que os candidatos presenten:



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

- Declaración responsable, asinada pola ou polo aspirante, de non encontrarse incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente e nin ter sido separada/o do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas por expediente disciplinario ou resolución xudicial firme.
- Informe médico actualizada na que se faga constar expresamente que a ou o aspirante reúne as condicións físicas e sanitarias necesarias e suficientes para o desempeño do posto de traballo, supeditando en todo caso, a firma do contrato e a incorporación ao posto de traballo, á presentación de dita documentación correctamente.
- Copia compulsada co número de afiliación á Seguridade Social ou tarxeta sanitaria do servizo público de saúde.

En tanto non se formalice o contrato e non se incorpore ao posto de traballo, a persoa seleccionada non terán dereito a prestación económica algunha.

14.- FORMACIÓN DA LISTA DE SUBSTITUCIÓN

No caso de que por algunha circunstancia o servizo non estivera cuberto, o concello poderá utilizar unha lista de substitución, formada polos aspirantes aprobados que non teñan renunciado ao contrato segundo a base anterior e o orde, segundo a puntuación obtida, para contratacións laborais temporais, de acordo coas seguintes normas:

14.1.-Os chamamentos aos aspirantes.

Os chamamentos faranse polo medio máis urxente que permita ter a constancia da súa recepción.

Nos supostos nos que a necesidade de cobertura dun posto non fose previsible coa antelación suficiente ou polas circunstancias concorrentes no proceso de chamamentos debidamente acreditadas, fose necesario a súa cobertura de xeito urxente para evitar graves prexuízos no funcionamento e/ou prestación do servizo público, o chamamento poderá realizarse telefonicamente. Neste suposto, a/o empregada/o pública que as realice fará constar mediante dilixencia a súa realización, e se tiveron ou non resposta.

Neste caso, para realizar os chamamentos efectuarase polos servizos administrativos municipais unha chamada telefónica a primeira hora do día. Se non se atopa ao interesado/a no momento do chamamento, efectuarase unha nova chamada no mesmo día en horario diferente ao chamamento realizado anteriormente. De non atoparse novamente ao interesado/a, procederase ao chamamento da seguinte persoa do listado de substitución, e así sucesivamente. As persoas que figuren neste lista de substitución teñen a obriga de manter actualizado o seu número de teléfono.

Antes da sinatura as persoas seleccionadas deberán presentar a documentación do apartado 13.

14.2.-Situación na lista de substitución.

1.Os integrantes da lista de substitución non perderán a orde de prelación que en cada momento lles corresponda, de tal maneira que se o nomeamento para a que son chamados finaliza, retornarán ao posto que novamente lles corresponda na lista.

2.Os integrantes da lista de substitución que, sendo convocados para facer efectiva a contratación ou nomeamento non se presentaran ou renunciaran a esta sen xustificación suficiente, perderán os seus dereitos quedando excluídos da lista.

A mesma consecuencia terá a renuncia á continuidade no desempeño dun posto de traballo.

14.3.-Nomeamentos e cesamentos.



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

Poderán realizarse contratacións laborais temporais para o desempeño de postos de traballo para substitución de persoal con dereito a reserva do posto por motivo de IT, e sexa imprescindible a contratación para a correcta prestación do servizo, o cal deberá quedar debidamente acreditado no expediente.

Unha vez comparecera o aspirante chamado segundo a orde da lista de substitución, o Sr. Alcalde ou Concelleiro Delegado por Resolución procederá a súa contratación para o desempeño do posto de traballo correspondente.

O cesamento producirase polo transcurso do prazo ou causa da contratación prevista ou por Resolución da Alcaldía ou Concelleiro Delegado de conformidade co establecido na lexislación vixente.

14.4.-Extinción da lista de substitución.

A lista de substitución formada como consecuencia do proceso selectivo que regulan estas bases extinguirase o 31/12/2022.

15.- RÉXIME XURÍDICO APLICABLE.

O procedemento regularase polo previsto nas presentes bases e o non previsto nelas polo establecido nas seguintes disposicións:

- Texto Refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (TREBEP)
- Texto Refundido da Lei do estatuto básico dos traballadores.(RDL 2/2015)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de réxime local.
- Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto legislativo 781/1986, de 13 de xuño (naquelas disposicións básicas).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia.
- Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia

Tanto a convocatoria como as bases e demais actos administrativos que se deriven poderán ser impugnados nos casos e nas formas previstos na Lei de procedemento administrativo común das AAPP:

- Recurso de reposición potestativo no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña da Resolución de Alcaldía ou Concellería Delegada anuncio da convocatoria.
- Recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a partir do día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña da Resolución de Alcaldía ou Concellería Delegada anuncio de convocatoria; ou si se interpón recurso de reposición no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da notificación da resolución do recurso.



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

ANEXO I

PROBA FÍSICA: proba do banco

CADRO A

Prueba del banco. Coeficiente de salud para hombres

Pulsaciones durante 15 sg.	44	33	33	33	33	33	32	32	32	32	32	32	32	
	44	34	34	34	34	33	33	33	33	33	33	33	33	
	43	35	35	35	34	34	34	34	34	34	34	34	34	
	42	36	35	35	35	35	35	35	35	35	35	35	35	
	41	36	36	36	36	36	36	36	36	36	36	36	36	
	40	37	37	37	37	37	37	37	37	37	37	37	37	
	39	38	38	38	38	38	38	38	38	38	38	37	37	
	38	39	39	39	39	39	39	39	39	39	39	39	38	38
	37	41	40	40	40	40	40	40	40	40	40	40	39	39
	36	42	42	41	41	41	41	41	41	41	41	41	40	40
	35	43	43	42	42	42	42	42	42	42	42	42	42	41
	34	44	44	43	43	43	43	43	43	43	43	43	43	43
	33	46	45	45	45	45	45	44	44	44	44	44	44	44
	32	47	47	46	46	46	46	46	46	46	46	46	46	46
	31	48	48	48	47	47	47	47	47	47	47	47	47	47
	30	50	49	49	49	49	48	48	48	48	48	48	48	48
	29	52	51	51	51	50	50	50	50	50	50	50	50	50
	28	53	53	53	53	52	52	52	52	52	51	51	51	51
	27	55	55	55	54	54	54	54	54	54	53	53	53	52
26	57	57	56	56	56	56	56	56	56	55	55	54	54	
25	59	58	58	58	58	58	58	58	58	56	56	55	55	
24	60	60	60	60	60	60	60	59	59	58	58	57		
23	62	62	61	60	61	61	61	60	60	60	59			
22	64	64	63	63	63	63	62	61	61	61				
21	66	66	65	65	65	64	64	64	62					
20	68	68	67	67	67	67	66	66	65					
	60	65	70	75	80	85	90	95	100	105	110	120	130	

Peso corporal (kg)



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
 15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
 (A Coruña)
 C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
 Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

Prueba del banco. Coeficiente de salud para mujeres

Pulsaciones durante 15 sg.	45									29	29	29
	44							30	30	30	30	30
	43							31	31	31	31	31
	42			32	32	32	32	32	32	32	32	32
	41			33	33	33	33	33	33	33	33	33
	40			34	34	34	34	34	34	34	34	34
	39			35	35	35	35	35	35	35	35	35
	38			36	36	36	36	36	36	36	36	36
	37			37	37	37	37	37	37	37	37	37
	36		37	38	38	38	38	38	38	38	38	38
	35	38	38	39	39	39	39	39	39	39	39	39
	34	39	39	40	40	40	40	40	40	40	40	40
	33	40	40	41	41	41	41	41	41	41	41	41
32	41	41	42	42	42	42	42	42	42	42	42	
31	42	42	43	43	43	43	43	43	43	43	43	
30	43	43	44	44	44	44	44	44	44	44	44	
29	44	44	45	45	45	45	45	45	45	45	45	
28	45	45	46	46	46	47	47	47	47	47	47	
27	46	46	47	48	48	49	49	49	49			
26	47	48	49	50	50	51	51	51	51			
25	49	50	51	52	52	53	53					
24	51	52	53	54	54	55						
23	53	54	55	56	56	57						
	40	45	50	55	60	65	70	75	80	85	90	95

Peso corporal (kg)



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

CADRO B

Tabla de capacidad aeróbica ajustada a la edad

	72	76	73	72	71	69	68	66	64	62	60	58
	71	75	72	71	70	68	67	65	63	61	59	57
	70	74	71	70	69	67	66	65	62	60	58	56
	69	72	70	69	68	66	65	64	61	59	57	55
	68	71	69	68	67	65	64	63	61	59	57	54
	67	70	68	67	66	64	63	62	59	58	56	54
	66	69	67	66	65	63	62	61	58	57	55	54
	65	68	66	65	64	62	61	60	58	56	54	53
	64	67	65	64	63	61	60	59	57	55	53	52
	63	66	64	63	62	60	59	58	56	54	52	51
	62	65	63	62	61	59	58	57	55	53	51	50
	61	64	62	61	60	58	57	56	54	53	51	50
	60	63	61	60	59	57	56	55	53	52	50	49
	59	62	60	59	58	56	55	54	53	51	49	48
	58	61	59	58	57	55	54	53	52	50	48	47
	57	60	58	57	56	54	53	52	52	49	47	46
	56	59	57	56	55	53	52	51	50	48	46	46
	55	58	56	55	54	52	51	50	49	47	46	45
	54	57	55	54	53	51	50	49	48	46	45	44
	53	56	54	53	52	50	49	48	47	46	44	43
	52	55	53	52	51	49	48	47	46	45	43	42
	51	54	52	51	50	48	47	46	45	44	42	41
	50	53	51	50	49	47	46	45	45	43	42	40
	49	51	50	49	48	46	45	44	44	42	41	39
	48	50	49	48	47	45	44	43	43	41	40	38
	47	49	48	47	46	44	43	42	42	40	39	38
	46	48	47	46	45	43	42	41	41	40	38	37
	45	47	46	45	44	42	41	40	40	39	37	36
	44	46	45	44	43	41	40	39	39	38	37	35
	43	45	44	43	42	40	39	38	38	37	36	34
	42	44	43	42	41	39	38	37	37	36	35	33
	41	43	42	41	40	38	37	36	36	35	34	32
	40	42	41	40	39	37	36	35	35	34	33	31
	39	41	40	39	38	36	35	34	34	33	32	30
	38	40	39	38	37	35	34	33	33	32	31	29
	37	39	38	37	36	34	33	32	32	31	30	28
	36	38	37	36	35	33	32	31	31	30	28	27
	35	37	36	35	34	32	31	30	30	29	27	26
	34	36	35	34	33	31	30	29	29	28	26	25
	33	35	34	33	32	30	29	28	28	27	25	24
	32	34	33	32	31	29	28	27	26	25	24	23
	31	33	32	31	30	28	27	26	25	24	23	22
	30	32	31	30	29	27	26	25	24	23	22	21
		15	20	25	30	35	40	45	50	55	60	65

Edad mas próxima

Coefficiente de salud.



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

ANEXO II

MODELO DE SOLICITUDE PEÓN-CONDUTOR DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS.

D./dona: _____, con DNI n.º _____

, con enderezo _____

, C.P. _____, localidade _____

teléfono _____ e mail.....

EXPÓN:

-Que tendo coñecemento da convocatoria publicada por este Concello para a contratación laboral temporal para a brigada de prevención de incendios forestais.

-Que reúne todas e cada unha das condicións esixidas nas bases da convocatoria, que declara coñecer e as acepta.

-Achégase a tal efecto a seguinte documentación :

- 1- Fotocopia D.N.I.
- 2- Fotocopia documento acreditativo do pago da taxa
- 3- Fotocopia do permiso de conducir B
- 4- Fotocopia da titulación esixida
- 5- Celga 2 ou equivalente:
 - SI
 - NON

6- Documentación acreditativa dos méritos alegados:

Polo exposto, SOLICITA:

Ser admitido/a no correspondente proceso selectivo referido.

Así mesmo, AUTORIZA:

Ao tratamento dos meus datos persoais coa finalidade de levar a selección de persoal, ao rexistro de solicitudes de candidatos, a cualificación de probas e avaliación, a exposición no taboleiro da sede electrónica municipal, a lista de substitución aos efectos de dar a publicidade esixida ao procedemento de contratación e selección.

Cabana de Bergantiños ____ de _____ de 2022

Asinado.: _____

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

ANEXO III

D./dona _____, con

D.N.I. n.º _____ con domicilio a efectos de notificación en _____

DECLARA baixo xuramento:

- Non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza a que **opta (PEÓN-CONDUTOR de prevención e defensa contra incendios forestais)**
- Non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.
- Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administración Pública, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións por sentenza firme.

Cabana de Bergantiños , a ____ de _____ de 2022

Asdo.: _____

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS